

11-febreiro-2018 - 6ºORDINARIO

Formato folleto

Xornada de Mans Unidas

Evanxeo de Marcos 1, 40-45: “Se queres, podes limparme”.



**Xesús LÍMPANOS,
é a AUGA VIVA.**

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Neste domingo 6º do tempo ordinario, antes de empezar a Coresma, a Palabra de Deus mostraranos como os domingos pasados a Cristo, compasivo, curando as enfermidades e dores da xente. No leproso do Evanxeo estamos representados todos, necesitados curación, de perdón e de salvación. Con gozo participemos hoxe na celebración e non esquezamos darlle grazas, porque nos limpa, perdoa e salva.

Hoxe a Igrexa celebra a xornada de **Mans Unidas**, a Campaña contra a Fame, co lema: “Comparte o que importa”. Compartir o que importa é poñer en común a nosa vida e o noso compromiso por un mundo mellor no que os dereitos humanos sexan respectados e cada persoa poida dispoñer dos medios necesarios para vivir con dignidade. ***Podemos colocar o cartel de Mans Unidas ou un cartel dun corazón ferido no que nas ofrendas os nenos irán colocando tiriñas (alimentos, amor, perdón, medicinas, colexios, igualdade...)***

SAÚDO do sacerdote: No nome... *O Señor que salva e renova a nosa vida, sexa con todos vós.*

2. PERDÓN

(Sacerdote) *Das nosas faltas de acollida, de agarimo, de colaboración e de entrega, pedimos perdón a Deus Pai:*

-(Posible... catequista) *Ti que es bo e compasivo: Señor, ten piedade de nós.*

-(Posible... pai-nai) *-Ti que nos mostras o teu amor sandando os corazóns esnaquizados: Cristo, ten piedade de nós.*

-(Posible... neno-nena) *-Ti que sostés os pobres e te identificas con eles: Señor, ten piedade de nós.*

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

O grito de Xob lamentándose pola situación de enfermidade e dor é semellante ao de tantos irmáns nosos que hoxe sofren a pobreza e necesidade. Paulo recórdanos o compromiso inescusable polo evanxeo dos que se atoparon con Cristo. Xesús no evanxeo busca a todos os aflixidos polo mal para devolverlles a saúde, a alegría e a paz; esta é a actitude do cristián: afanarse polos que o pasan mal, poñer nas vidas dos que nos rodean medicinas de proximidade e de agarimo.

LECTURAS

- **Levítico 13, 1-2. 44-46: O leproso vivirá só e terá a súa morado fóra do campamento.**

*O Señor díxolle a Moisés e a Aarón: «Cando algún teña unha inflamación, unha erupción ou unha mancha na pel, e se lle produza unha chaga como de lepra, será levado ante o sacerdote Aarón, ou ante un dos seus fillos sacerdotes. **Trátase dun leproso: é impuro.** O sacerdote declararao impuro de lepra na cabeza. O enfermo de lepra andará coa roupa rachada e a cabeleira desgredada, coa barba tapada e gritando: “Impuro, impuro!”. Mentres lle dure a afección, seguirá sendo impuro. É impuro e vivirá só e terá a súa morada **fóra do campamento**».* Palabra do Señor.

- **SALMO 31:**

R/. Ti es o meu refuxio, rodéasme de cantos de liberación.

• **I CORINTIOS 10, 31-11, 1: *Sede imitadores meus como eu o son de Cristo.***

Irmáns: Xa comades, xa bebedes ou fagades o que fagades, facédeo todo para gloria de Deus. Non deades motivo de escándalo nin a xudeus, nin a gregos, nin á Igrexa de Deus; como eu, que procuro contentar en todo a todos, non buscando a miña propia vantaxe, senón a da maioría, para que se salven. Sede imitadores meus como eu o son de Cristo. *Palabra do Señor.*

• **MARCOS 1, 40-45: 1, 40-45: *A lepra quitóuselle, e quedou limpo.***

Narrador: Naquel tempo, achegouse a Xesús un leproso, suplicándolle de xeonllos:

Leproso: -«*Se queres, podes limparme*».

Narrador: Compadecido, estendeu a man e tocouno dicindo:

Xesús: -«*Quero: queda limpo*».

Narrador: A lepra quitóuselle inmediatamente e quedou limpo. El despediuno, encargándolle severamente:

Xesús: -«*Non llo digas a ninguén; pero para que conste, va presentarte ao sacerdote e ofrece pola túa purificación o que mandou Moisés, para que lles sirva de testemuño*».

Narrador: Pero cando se foi, empezou a pregar ben alto e a divulgar o feito, de modo que Xesús xa non podía entrar abertamente en ningunha vila; quedaba fóra, en lugares solitarios; e aínda así acudían a el de todas partes. *Palabra do Señor.*

Narrador-Leproso-Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) *Do mesmo xeito que o leproso, sabemos Señor que ti o podes todo. Co seu mesma humildade, elevamos a ti a nosa pregaría dicindo:*

R.- *Limpa os nosos corazóns.*

1. Pola Igrexa, sacramento de salvación, para que sexa lugar de acollida e de consolo para os excluídos da nosa sociedade en tantas periferias. **Oremos.**

2. Polos que sofren no corpo e no seu espírito, para que atopen en nós apoio, escoita, agarimo e solidariedade. **Oremos.**

3. Por todos os que na Igrexa se senten marxinados para que sexamos man tendida e próxima para todos. **Oremos.**

4. Polos anciáns aos que ás veces retiramos das nosas preocupacións e polos nenos aos que non prestamos a debida protección e coidado. **Oremos.**

5. Para que no noso trato cos demais nunca discriminemos a ninguén e tendamos a man a todos. **Oremos.**

6. Por Mans Unidas, polos seus voluntarios e colaboradores para que entre todos escoitemos o clamor dos pobres e promovendo o desenvolvemento dos pobos. **Oremos.**

(Sacerdote) *Dános valentía, Señor, para comprometernos de verdade no que che pedimos.*

5.OFRENDAS

-MÁSCARAS CON PALABRAS ALREDEDOR (LEPRAS):

No Entroido disfrazámonos pero tantas veces no interior do noso corazón levamos escondidas diferentes lepras: egoísmo, violencia, discriminación, rexeitamento... Hoxe pedimos a Xesús que se achegue a nós, nos sande e nos limpe.

-TIRIÑAS que os nenos van colocando nun corazón roto

Ofrecemos estas tiriñas que representan o noso desexo de non ferir nunca a ninguén e de curar con amor os corazóns feridos, como fixo Xesús.

PAN E VIÑO:

Sen o pan, debilitámonos, a vida faise imposible, pero moitos non teñen que comer. Nesta Xornada da Campaña contra o Fame compartimos un pouco do noso para que o Señor o bendiga e a ninguén falte o pan material nin o pan da eucaristía.

6. SUXESTIÓNS

- Nas zonas de Entroido poderíase facer un traballo con máscaras. Disfrazámonos para pasalo ben sen que nos coñezan. No interior do noso corazón levamos escondidas diferentes actitudes ou lepras: egoísmo, violencia, discriminación, rexeitamento... Cales son as nosas, que ocultamos? Hoxe pedimos a Xesús que se achegue a nós, nos sande e nos limpe.
- Tamén se poderá colocar xunto ao altar un corazón roto ou con feridas... (son as feridas da persoa ou da humanidade). Pensamos que tiriñas necesita para ilo curando... Ofrecemos estas tiriñas que representan o noso desexo de non ferir nunca a ninguén e de curar con amor os corazóns feridos, como fixo Xesús.
- Entramos na páxina de Mans Unidas (<http://www.manosunidas.org/>) e vemos o cartel da campaña deste ano. Tamén nos podemos informar dos proxectos que se intentan realizar ao longo deste ano e vemos se podemos apoiar algún poñéndonos en contacto coa delegación diocesana.
- Visitamos a delegación de misións do bispado e informámonos do labor dos misioneiros, pedímoslles que nos ensinen a revista Xesto, que nos dean a dirección dalgún misioneiro para escribirlle ou que nos informen dos festivais da canción misioneira.

7. Posible acción de grazas

Límpanos, dáonos a auga viva

Hoxe Xesús, vimos a ti, admirados da túa valentía ao tocar a aquel leproso limpándoo da lepra, enchendo a súa vida de alegría e facendo posible que volvесе coa súa familia e a participar na súa comunidade.

E acórdome de min, que tantas veces vexo con malos ollos a sonos diferentes e exclúoos da miña vida porque pensan distinto ou me caen mal.

Por iso hoxe como o leproso dígoche: "se queres podes limparme", limpa o meu pecado, os meus prexuízos, as miñas intolerancias e escravitudes.

Xesús es a auga viva que lava as miñas manchas e me fai revestir co amor de Deus feito proximidade, feito xestos de amor cos que me rodean.

Nesta Xornada da Campaña contra o fame, de Mans Unidas, quero pedirche polos excluídos no terceiro mundo, que lles faltan pan, medicinas, auga, educación, posibilidades... Dáonos un corazón solidario capaz de compartir con eles facendo realidade algúns dos seus proxectos de desenvolvemento.



RED CATEQUISTAS GALICIA